Centro de Información Europea

Boletín Semanal nº 157 - 13/07/2017

Novas
Convocatorias
Socios
Bolsas e Vacantes
Cidadanía
Europa a fondo
Publicacións
Axenda

9 MINUTOS UE

europe direct Coruña

Suscrición gratuita ao boletín
europedirect@dacoruna.gal
www.dacoruna.gal/europedirect

Deputación DA CORUÑA

Novas

- O futuro das finanzas da UE: o Grupo de Alto Nivel presenta as súas propostas para simplificar o acceso ós fondos da UE.
- Sistema bancario: o Consello establece un plan de acción para os préstamos dubidosos
- Plan Juncker: o BEI firma unha garantía de 300 millóns de euros con Farmafactoring España para favorecer o acceso das pemes españolas ó financiamento.
- Corpo Europeo de Solidariedade: empregos e prácticas, no bo camiño.
- Esta semana no Parlamento Europeo: deforestación, fertilizantes orgánicos e pluralismo e liberdade de prensa na Unión Europea.

Convocatorias

Convocatorias recentes

Educación, Cultura (EAC), Audiovisual, Cidadanía

EAC/S16/2017: O deporte como instrumento de integración e inclusión social dos refuxiados.

EAC/S17/2017: Seguimento e coaching, a través do deporte, de mozos en risco de radicalización.

Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (EMPL)

VP/2017/014: Programa REC - Establecemento de acordos marco de asociación de catro anos para apoiar redes europeas activas no ámbito dos dereitos das persoas con discapacidade e subvencións de funcionamento para 2018.

Xustiza e Consumidores (JUST)

JUST-2017-AG-DRUG: Programa Xustiza - Apoio a iniciativas no ámbito da política de drogas.

Parlamento Europeo

Convocatoria de contribucións IX-2018/01: Contribucións aos partidos políticos europeos

Convocatoria de propostas IX-2018/02 — Subvencións ás fundacións políticas europeas

Outras axudas

Extracto da Resolución do 23 de xuño de 2017 da Dirección da Fundación Biodiversidade, pola que se aproba a publicación da convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de actividades de colaboración e representación perante a Administración Xeral do Estado, a Unión Europea e perante as organizacións de carácter internacional no ámbito da biodiversidade, o cambio climático e o desenvolvemento sustentable 2017.

ORDE do 21 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, convocadas para o ano 2017.

Extracto da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se convocan subvencións para o ano 2017 a proxectos de investigación fundamental orientada e accións complementarias dentro do Programa Estatal de I+D+I Orientada aos Retos da Sociedade.

ORDE do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no campo da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria.

ORDE do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria.

RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de análises de potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

ANUNCIO de convocatoria a empresas peme de Galicia para a participación no programa Plan internacional de promoción, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder, período 2014-2020).

Socios

SVE. Francia.

O centro de información Europe Direct Vire de Normandía busca un voluntario para unirse ao centro durante oito meses.

SVE. Polonia

A Igrexa Baptista de Zielona Góra (Polonia) busca unha organización que envíe voluntarios para o seu proxecto “Imos xuntos realizando os nosos soños” que mestura o traballo cos máis necesitados con actividades para nenos e adolescentes.

SVE. Finlandia.

O centro xuvenil Vasatokka busca voluntarios para traballar en diferentes tarefas sociais en colexios, casas de mocidade e institutos sénior e de persoas con discapacidade.

Cultura. Italia.

A asociación cultural “Mediterranea Arte Italia” de Nápoles busca socios para a creación do Festival Europeo da Sinestesia

H2020. Italia

Unha PEME italiana busca socios para desenvolver o seu prototipo de turbina para producir enerxía a partir de correntes de fluxo.

Bolsas

14/07/2017: Axudas ONG proxectos cooperación internacional.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través de a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), financiará proxectos en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, tanto de desenvolvemento, como de acción humanitaria, como de educación para o desenvolvemento en España.

15/07/2017: Ready for World - Ferramentas para guiar a mocidade na súa vida futura.

Organizado pola Finnish National Agency for Education (National Agency), esta reunión ten como obxectivo compartir e moldear as mellores prácticas de desenvolvemento de información, orientación e asesoramento sobre a vida futura da mocidade.

27/07/2017: Bolsas Fullbright 2017 para Empregados do Ministerio de Fomento.

Convócase, en réxime de concorrencia competitiva, e en colaboración coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (en diante, "Comisión Fulbright") unha bolsa para a realización de estudos e proxectos de formación e perfeccionamento profesional en Estados Unidos.

15/09/2017: A Fundación Canon convoca 15 bolsas de investigación en Xapón.

A Fundación Canon Europa convoca 15 bolsas en Xapón dirixidas a cidadáns europeos ou con permiso de residencia nun país da UE que cobre todos os gastos da investigación. Ofrece entre 22.500 a 27.500 euros anuais. Canto á súa duración, será de 3 ata un máximo de 12 meses.

31/09/2017: Programa Argo.

ARGO é un programa de mobilidade promovido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, cuxo obxectivo é impulsar a formación complementaria dos titulados de todas as universidades españolas a través da realización de prácticas en empresas de Europa, de EE.UU., Canadá e empresas españolas ou multinacionais con sede en Asia ou Oceanía.

Premios e concursos

14/07/2017: XXI Premio Investigación do Consello Económico e Social.

O Consello Económico e Social de España abre a XXI convocatoria do premio de Investigación do Consello Económico e Social. Este ano baixo o tema de "Cambios tecnolóxicos, traballo e actividade empresarial: o impacto socioeconómico da economía dixital".

15/07/2017: Premio Europeo da Mocidade (EYA).

O Premio Europeo da Mocidade (EYA) selecciona e promove os mellores estudantes innovadores europeos, emprendedores sociais, start-ups, deseñadores, produtores, desenvolvedores de aplicacións, xornalistas e escritores, que crean proxectos dixitais con impacto na sociedade en base aos obxectivos establecidos polo Consello Europeo (Europa 2020) e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas (SDG).

15/07/2017: #CedefopPhotoAward.

O Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (CEDEFOP) convida a estudantes de todas as idades a participar neste concurso fotográfico mostrando a súa experiencia colectiva no mundo da Formación Profesional.

16/08/2017: Concurso de Historia para a Mocidade 'Eustory' 2017.

O concurso de historia para mozas preuniversitarios "Eustory" ten como concepto básico "aprender investigando". O tema desta edición é "Patrimonio Histórico".

16/08/2017: Premio 2017 - Altiero Spinelli de Divulgación: difundir o coñecemento sobre Europa.

Premiaranse as contribucións sobresalientes que comunican sobre a Unión Europea -os seus valores fundadores, historia, acción e beneficios clave- á sociedade en xeral, melloran a comprensión dos cidadáns da UE, amplían a propiedade do proxecto europeo e crean confianza na UE.

Vacantes

- Financial Assistants. GFIII. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia. Data límite: 11/08/2017.
- DevOps Software Developer – ICT Department. GFIV. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia . Data límite: 18/08/2017.

- Human Resources Support within the HR Unit of Europol. GFIII. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia. Data límite: 24/07/2017.
- Contabilidade. AST3. Axencia Europea de Fusión para a Enerxía (F4E). Barcelona. Data límite: 24/07/2017.
- Operational Analyst in the Operations Department. AD6. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia. Data límite: 24/07/2017.
- Data Management Officer. AD6. Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos (BOTA). Helsinqui. Data límite: 24/07/2017.
- Statistics Officer. AD.5 Instituto Europeo de Igualdade de Xénero (EIGE). Vilnius. Data límite: 26/07/2017.
- Senior IT Administrator. AST6. Axencia Europea de Defensa (EDA). Bruxelas. Data límite: 27/07/2017.
- Lawyer - Department Corporate Services/ G25 Team. GFIV. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia. Data límite: 28/07/2017.
- ICT Specialist. AD6. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). La Valleta. Data límite: 28/07/2017.
- Senior Specialist – TIC Departament. AD8. Oficina Europea de Policía (EUROPOL). A Haia. Data límite: 31/07/2017.
- Senior Specialist – ICT Security Architect. AD6. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). La Valleta. Data límite: 04/08/2017.
- Senior Specialist – Solutions Architect (AD8), within the ICT. AD8. Oficina Europea de Apoio ao Asilo (EASO). La Valleta. Data límite: 04/08/2017.
- Experto en resposta perante brotes na Unidade de Vixilancia e Apoio á Resposta. AD5. Centro Europeo para a prevención e control de enfermidades (ECDC). Estocolomo. Data límite: 16/08/2017.
- Condutores de tráiler . España. Data límite: 14/08/2017.
- Ofertas industria metal. Eslovaquia. Data límite: 30/09/2017.
- Odontólogos. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Enfermeiros. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Fisioterapeutas para termas. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Fisioterapeutas para cabina. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Fisioterapeutas para Hospitais públicos. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Fisioterapeutas para Hospitais e clínicas privadas. Francia. Data límite: 10/09/2017.
- Postos de profesorado de Primaria e Secundaria. Reino Unido. Data límite: 31/07/2017.
- Care in Hand Ltd. Reino Unido. Data límite: 07/09/2017.

Cidadanía

Que pasa coas abellas? A ausencia de datos fiables sobre a súa mortalidade preocupa á UE

A CE celebra un simposio onde reuniu á industria da apicultura e a comunidade científica co obxectivo de trazar unha folla de roteiro para unha Asociación Europea polas Abellas

A apicultura é unha antiga tradición e as abellas mantivéronse en Europa durante varios milenios. As abellas son moi importantes no medio ambiente, mantendo a biodiversidade proporcionando polinización esencial para unha ampla gama de cultivos e plantas silvestres. Contribúen á riqueza e ao benestar humanos directamente a través da produción de mel e outros alimentos e pensos tales como:



pole, cera para procesamento de alimentos, propóleos na tecnoloxía alimentaria e xelea real como complemento dietético e ingrediente nos alimentos.

A Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) estima que das 100 especies de cultivos que achegan o 90% dos alimentos en todo o mundo, 71 son polinizadas polas abellas. A maioría dos cultivos da Unión Europea dependen da polinización de insectos. Máis aló do valor esencial da polinización para o mantemento da biodiversidade, o valor monetario anual global da polinización estimouse en centos de miles de millóns de euros.

Por iso, a protección da súa saúde é unha das liñas de traballo principais da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA, polas súas siglas en inglés) que o pasado 26 de xuño organizou en Bruxelas un simposio científico sobre a saúde das abellas no marco da Semana das Abellas e a Polinización 2017 do Parlamento Europeo. Baixo o título "Compilación e distribución de datos sobre a saúde das abellas: cara a unha Asociación Europea para as Abellas", a EFSA reuniu a industria da apicultura e a comunidade científica especializada, para tratar o principal problema ao que se enfrontan na actualidade: a ausencia de datos que permitan coñecer o que realmente lle está pasando a esta especie.

Membros da industria da apicultura, científicos e organismos nacionais e europeos de toda Europa traballaron duro ao longo dos anos para poñer de relevo a preocupante diminución do número de abellas melíferas saudables e colonias de abellas melíferas. Producíronse enormes cantidades de traballo nos Estados membros e publicáronse datos que mostran os múltiples problemas que afrontan a saúde das abellas, en particular as abellas melíferas.

A saúde das abellas depende de moitos factores. A destrución do seu hábitat, o uso abusivo dalgúns pesticidas hoxe prohibidos temporalmente na UE, a invasora vespa asiática que ataca as colmeas, o ácaro *Varroa* que chupa os seus líquidos internos, o parasito *Nosema Apis* que afecta o seu aparello dixestivo, o cambio climático, son algunhas das múltiples ameazas que enfrontan.

Laszlo Kuster, da Dirección Xeral de Seguridade Alimentaria da Comisión Europea, detallou a magnitude do desafío. Kuster lembrou os recentes resultados do primeiro programa de vixilancia da mortalidade de colonias de abellas melíferas en 17 países da UE. O proxecto, bautizado Epilobee, analizou 176.860 colonias, cunha metodoloxía establecida, pero mesmo nesas condicións moitos dos datos non estaban tomados de maneira harmonizada. *"Mesmo coa mellor preparación, os datos son insuficientes"*, lamentou Kuster.

Os resultados de Epilobee no inverno de 2013-2014 mostraron mortalidades dun 5% en España, un 14% en Francia e un 15% en Suecia. Un ano antes, cun inverno máis longo e frío, a mortalidade alcanzou un 10%, un 14% e un 29%, respectivamente. En calquera caso, son porcentaxes afastadas das cifras alarmistas manexadas por algunhas organizacións ecoloxistas, aínda que a inxente cantidade de datos séguese estudando.



Os inspectores de Epilobee rexistraron as prácticas apícolas en cada colmea, anotaron as manifestacións clínicas de enfermidades infecciosas e parasitarias e tomaron mostras para a súa análise, pero centráronse nas abellas domésticas. En Europa hai unha soa especie de abella doméstica, pero pululan 1.884 especies silvestres.

O zoólogo Miguel Ángel Miranda, da Universidade das Illas Baleares, sinala outro problema: a abundancia de "apicultores de fin de semana". En España, hai 24.755

apicultores, dos que só o 19% son profesionais, segundo as cifras do Ministerio de Agricultura. Isto pode provocar, segundo Miranda, que os tratamentos das abellas se apliquen mal en moitas colmeas, xerándose resistencias contra as enfermidades.

O biólogo e científico da computación Arthur Thomas chegou ao mundo das abellas hai uns meses. Thomas, do Instituto de Internet de Oxford, é un experto en elaborar modelos preditivos sobre o comportamento futuro de diferentes poboacións de seres vivos. Non tiña "nin idea" da complexidade dos problemas que afrontan as abellas, pero a súa estupefacción chegou doutra banda. *"A dispoñibilidade de datos é sorprendentemente escasa. Mesmo no ámbito nacional é complicado conseguir datos. Ou son inconsistentes ou non existen"*, apunta.

A maior parte dos estudos científicos que existen son de alcance xeográfico moi limitado e examinan só unha ou dúas variables, pero non as interaccións entre todas as ameazas. O sector sabe que a situación non vai cambiar da noite para a mañá. A veterinaria portuguesa Ana Afonso, líder do equipo de riscos emerxentes na EFSA, resúmeo nunha frase: *"Non vai nacer un Google Abellas o ano que vén, con información en tempo real"*. Pero ese sería, recoñece, o seu obxectivo ideal.

Que fixo a Comisión Europea para mellorar a saúde das abellas?

A saúde das abellas é un tema que preocupa en Europa desde hai tempo (poden consultar as accións adoptadas pola UE nesta ligazón e as últimas iniciativas da EFSA).

Polo lado de veterinaria, a Comisión: creou un laboratorio de referencia da UE para a saúde das abellas no ano 2011; cofinanciou estudos para estimar a magnitude da mortalidade das abellas desde 2012; adestrou por centos de funcionarios veterinarios nacionais neste tema, e participou en distintos proxectos de investigación para facer fronte a este problema. Ademais, a Comisión ten en conta, con preocupación, a limitada dispoñibilidade de medicamentos veterinarios para as abellas.

En pesticidas, desde a Comisión lémbrase que a UE ten un dos sistemas de regulación máis estritas do mundo sobre a homologación dos praguicidas. Todos os que existen no mercado foron obxecto dunha avaliación completa e en profundidade polas autoridades dos Estados membros e pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA). Para os praguicidas, a Comisión reforzou os requisitos de datos para a presentación dos expedientes, así como a opinión da EFSA o esquema de avaliación de riscos en relación co impacto das pesticidas nas abellas e tomou accións sobre 4 insecticidas específicos onde se identificou oun risco relativo ás abellas.

Na agricultura, a Comisión mantivo o nivel de financiamento da UE aos programas apícolas nacionais.

No medio ambiente, a Comisión desenvolveu un programa LIFE + que poden ser utilizado para o beneficio das abellas silvestres; iniciando a preparación dunha lista vermella dos polinizadores ameazados, que se publicará a finais de ano; e elaborando un proxecto de investigación para facer fronte á diminución dos polinizadores salvaxes e domesticados en Europa.

Europa a fondo

Interreg Europe
European Union | European Regional Development Fund

A terceira convocatoria de Interreg Europe cérrase con 234 proxectos candidatos presentados

A media de cofinanciamento FEDER solicitada polos socios para a cooperación é de 177.792 €

O venres 30 de xuño cerrábase a terceira convocatoria de propostas do ano 2017 para obter cofinanciamento do programa Interreg Europe. En total recibíronse 234 propostas de proxectos que involucran a 1.710 organizacións de toda Europa.

A media de cofinanciamento FEDER demandado polos socios para a súa cooperación é de 177.792 €.

O orzamento total FEDER solicitado nas propostas de proxectos ascende a 304.025.051 €

O maior número de propostas concéntrase no tema de medioambiente e eficiencia dos recursos, que representa o 41 % das propostas.

Participaron institucións de todos os estados socios de Interreg Europe, sendo Italia, España e Grecia os países con maior número de organizacións implicadas.

Que é Interreg Europe?

É o programa de cooperación interrexional para o período financeiro 2014-2020, que veu suceder ao programa INTERREG IVC (2007-2013). O Secretariado Técnico Conxunto do programa está localizado en Lille (Francia) e asignar **359 millóns EUR financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para 2014-2020.**

Interreg Europe axuda a gobernos rexionais e locais de toda Europa a desenvolver e ofrecer mellores políticas. Ao crear un ambiente e oportunidades para compartir solucións, preténdese asegurar que o investimento gobernamental, a innovación e os esforzos de implementación leven a un impacto integrado e sustentable para as persoas e o lugar.

Existen solucións que poden axudar ás nosas rexións a converterse no mellor que poden ser. Hoxe en día, a énfase da UE é moito para achandar o camiño para que as rexións realicen todo o seu potencial, axudándolles a capitalizar as súas fortalezas innatas, aproveitando as oportunidades que ofrecen posibilidades de progreso económico, social e ambiental.

Para lograr este obxectivo, Interreg Europe ofrece oportunidades ás autoridades públicas rexionais e locais de toda Europa para compartir ideas e experiencias sobre políticas públicas e para mellorar as estratexias para os seus cidadáns e comunidades.


Interreg Europe existe para asistir a tres tipos de beneficiarios:


Autoridades Públicas – a nivel local, rexional e nacional

Autoridades de Xestión /Corpos intermedios- a cargo dos programas de Investimento para o Crecemento e de Emprego ou de Cooperación Territorial Europea.

Axencias, institutos de investigación, organizacións temáticas e non-lucrativas – aínda que non é o seu principal grupo obxectivo, estes tipos de organizacións tamén poden traballar con Interreg Europe ao comprometerse primeiro cos seus responsables políticos locais co fin de identificar opcións para a colaboración con Interreg Europe.

As Organizacións que traballen con Interreg Europe deben estar asentadas nun dos 28 Estados Membros da UE, Suíza ou Noruega.





Que apoia o programa?

Todas as accións desenvolvidas con apoio financeiro de Interreg Europe deben recaer nalgunha do seguintes catro categorías:

- Investigación e innovación.
- Competitividade da PEME.
- Economía baixa en carbono.
- Medio e eficiencia dos recursos.

Dada a presión existente para "facer máis con menos", Interreg Europe adoptou un enfoque simplificado esta vez para crear accións que moito máis centradas e que, por tanto, ofrecen maiores posibilidades de éxito.

Como pode axudarche Interreg Europe?

Cooperación, colaboración e compromiso coa comunidade son o corazón de Interreg Europe. Estas 3 C's incorporáronse aos dous principais servizos de apoio co obxectivo de axudar á comprensión e ao pensamento crítico creando espazo para novas ideas, diferentes perspectiva e aprendizaxe colectiva.

Proxectos de Cooperación Interrexional


Interreg Europe cofinanciará ata o 85 % das actividades do proxecto que se desenvolvan en consorcio con outras organizacións políticas situadas en diferentes países de Europa. A través dos proxectos de cooperación interrexional, os socios deben identificar un interese común e logo traballar xuntos durante 3-5 anos. Inicialmente os socios comparten experiencia, ideas e saber-facer sobre como tratar mellor o asunto que lles interesa. Cada socio rexional debe:

- Producir un plan de acción.
- Establecer un grupo de partes interesadas.
- Participar nas Plataformas de Aprendizaxe de Políticas de Interreg Europe.

Despois deste estadio, cada socio debe monitorizar o progreso da implementación do seu plan de acción e informar o socio líder. As accións piloto poden ser apoiadas durante este período.

Dependendo do número de socios involucrado, a duración da aprendizaxe interrexional, etc. , a media do orzamento total FEDER dun proxecto estímase entre 1 a 2 millóns de euros.

Interreg Europe lanzará convocatorias de propostas ao longo do período de programación.



Plataformas de Aprendizaxe de Políticas

As catro Plataformas de Aprendizaxe de Políticas son unha nova característica de Interreg Europe para expandir os coñecementos do programa en beneficio de todos os socios do proxecto e de toda a comunidade de interesados na política rexional. O seu obxectivo é facilitar a aprendizaxe continua entre as organizacións que se ocupan das políticas de desenvolvemento rexional en Europa coa fin de mellorar a forma en que deseñan e aplican as súas políticas públicas nas áreas que apoia o programa: 1) investigación e innovación; 2) competitividade da PEME; 3) economía baixa en carbono, 4) o medio ambiente e a eficiencia dos recursos.

Máis información en https://www.interregeurope.eu/.

Publicacións

	**Apoio lingüístico en liña para os refuxiados** Dispoñible en PDF

Axenda.

- 14/07/2017: Seminario 'O futuro da unión económica e monetaria e o Banco Central Europeo'. Organiza a Oficina do Parlamento Europeo en España. Madrid.
- 19/09/2017: Conferencia & Brokerage Event: Economía Circular. Madrid.

europe direct
00 800 6 7 8 9 10 11
europedirect.europa.eu
ENCUESTA UE
Tu opinión en 7 clicks

MALTAEU2017

60 ROMA

Síguenos en: